

A CERDEIRA SELECCIONADA PARA O SEU USO EN PLANTACIÓNS FORESTAIS EN GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CENTRO DE
INVESTIGACIÓN
FORESTAL LOURIZÁN

A selección e conservación de cerdeira do Centro de Investigación Forestal de Lourizán

O Centro de investigación forestal de Lourizán (CIF Lourizán) pertencente á Xunta de Galicia ven desenvolvendo programas de conservación e selección de cerdeira autóctona para uso forestal dende mediados dos anos 90.

Para o estudo, selección e conservación desta especie desenvólense proxectos de investigación que pasan polas seguintes etapas:

O proceso comeza coa **recollida de material forestal de árbores en campo (sementes e pugas)** que forman unha colección de partida, coñecida como banco de xermoplasma.



O seguinte reto é a **multiplicación vexetativa** de cada árbore para conseguir réplicas de cada árbore que forman un clon.

Os ensaios: as réplicas permiten realizar, en campo e en invernadoiro, ensaios de tolerancia a patóxenos, á seca e/o ao asolagamento no chan e a súa adaptación aos diferentes climas e chans de Galicia.



Nas plantacións avalíase o crecemento das árbores en diferentes zonas xeográficas. Despois dos 5 a 10 anos de crecemento seleccionamos os clons máis adecuados.

A seguinte etapa é o **rexistro dos mellores clons** no Rexistro Nacional de Materiais de Base para a Produción de Materiais Forestais de Reprodución.


Unha vez rexistrados transferimos os clons aos viveiros produtores para a súa **comercialización**.



Os beneficios das plantacións de cerdeira

As funcións e beneficios das plantacións de cerdeira son:

- **Mellora da contorna** porque protexe e mellora o chan, a calidade do aire e o ciclo da auga.
- **Aumenta a biodiversidade** vexetal e animal.
- **Achega diversidade de pole** ás escasas árbores de cerdeira que poidan quedar na zona.
- **Captura do CO2** contribuindo ao proceso de mitigación do efecto invernadoiro e produce osíxeno.
- **Efectos sociais positivos** por ser contornas con diversos usos como o recreativo ou o educativo.
- **Efectos económicos** ao mellorar a contorna, dinamizar o emprego e achegar materias primas.



As plantacións de cerdeira

Para que as plantacións de cerdeira crezan adecuadamente, estas son algunhas recomendacións:

As plantas

- Con boa calidade exterior, equilibradas e sen lesións por patóxenos.
- Cunha idade dun ou dous anos.
- Utilizar clons rexistrados e que sexan adecuados ás condicións ambientais do lugar de plantación, valorando a posible seca estival e/ou o asolagamento no solo.

O solo

- Que teña unha capa superior solta e con humus para favorecer o crecemento.
- Con dispoñibilidade de auga no coa finalidade de evitar seca estival que detén o crecemento e mesmo provoca a perda de follas no verán.
- En caso de seca estival é beneficioso aplicar rega os dous primeiros anos.

A localización

- Son recomendables zonas protexidas dos ventos dominantes que provocan a deformación das plantas en crecemento.
- Valorar a combinación inicial con outra especie que protexa as plantas os primeiros anos.
- Evitar zonas de cume que expoñen demasiado as plantas novas.
- Se hai animais silvestres que poden comer os ápices tenros, valorar o uso de peches ou proteccións.

A plantación

- O marco de plantación adaptarse ao terreo, con especialmente mínimos de 3 metros entre árbores.
- O emprego de titores os primeiros anos evita que as copas caian debido ao vento e ao peso das follas molladas.
- É aconsellable realizar podas periódicas, especialmente das ramas máis grosas, ben a finais de inverno ou da primavera.

Viveros produtores de clones certificados de cerdeira en Galicia


Alguns viveiros de Galicia recibiron a transferencia dos clons rexistrados do CIF Lourizán, para crear o seu propio campo de plantas nai, a partir do cal poden propagar vexetativamente para comercializalos.



Para ampliar información:

- <https://lourizan.xunta.gal/es/actualidad/transferencias>
- <https://lourizan.xunta.gal/es/actualidad/transferencias/el-cerezo-gallego-para-madera-seleccion-conservacion-y-usos-actuales>
- <https://lourizan.xunta.gal/es/actualidad/transferencias/nuevos-arboles-registra-dos-de-cerezo-gallego-para-uso-forestal>
- <https://www.campogalego.es/recomendaciones-para-la-plantacion-de-cerezo-gallego-para-uso-forestal/>

Versión en castelán



Autores: María Eugenia Miranda Fontaiña,
Sergio Frade Castro e Enrique Martínez Chamorro

Deseño e maquetación: abcomunicacions

Plan de conservación de recursos xenéticos forestais.

Proxecto RF/2023/2/5

Financiado nun 75 % por Feader, nun 7,5 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e nun 17,5 % pola Xunta de Galicia.